

7º CONCURSO ESCOLAR DE POESÍA ROSALÍA DE CASTRO

**DIRIXIDO AO ALUMNADO DE
SECUNDARIA E BACHARELATO**

**DATA DE ENTREGA:
ANTES DO 18 DE
MAIO DE 2019**

**TEMA LIBRE
MÁXIMO 50 VERSOS**

(A)*

El Corte Inglés

* ÁMBITO cultural

El Corte Inglés

**FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO**



7º CONCURSO ESCOLAR DE POESÍA ROSALÍA DE CASTRO

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO



FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO



**DIRIXIDO AO ALUMNADO DE
SECUNDARIA E BACHARELATO**

**DATA DE ENTREGA:
ANTES DO 18 DE
MAIO DE 2019**

**TEMA LIBRE
MÁXIMO 50 VERSOS**

7º CONCURSO ESCOLAR DE POESÍA

Rosalía de Castro

Para difundir no mundo escolar a relevancia da autora de *Cantares gallegos*, a Fundación Rosalía de Castro e El Corte Inglés convocan un concurso de poesía para o alumnado de Secundaria e de Bacharelato que se rexerá polas seguintes bases:

1ª. Estableceranse tres niveis de participación:

- I. 1º ciclo ESO (1º e 2º).
- II. 2º ciclo ESO (3º e 4º).
- III. Bacharelato.

2ª. As obras –que deberán ser orixinais na súa totalidade e rigorosamente inéditas– serán redactadas en lingua galega.

3ª. O tema e a forma poética escollida será de libre elección.

4ª. A extensión máxima non excederá os 50 versos, podendo estar repartidos en varios poemas. Só se aceptará un máximo de dous traballos por autor ou autora.

5ª. Remitiranse catro copias sen asinar de cada un dos traballos nun sobre pechado, en cuxo exterior figurará o título da obra, o nivel no que concursa e un pseudónimo. No interior do sobre, enviarase unha nota cos datos seguintes: título da obra, nome, apelidos, curso e centro, domicilio e teléfono do autor ou autora e un enderezo electrónico.

6ª. A Comisión Organizadora designará un Xurado Cualificador que será quen decida sobre calquera dúbida que poidan orixinar estas BASES, sendo o seu fallo inapelable.

7ª. O prazo de admisión dos orixinais finalizará o día 18 de maio de 2019 e poden remitirse ou entregarse en man nos

Departamentos de Comunicación de calquera dos centros de El Corte Inglés de Galicia:

SANTIAGO DE COMPOSTELA:

Restollal, 50, planta baixa
15702 Santiago de Compostela

A CORUÑA:

- Ramón y Cajal, 57, andar 1
15006 A Coruña
- Marineda
Estrada Baños de Arteixo, s/n, soto 1
15008 A Coruña

VIGO:

Gran Vía, 25-27, andar 7
36204 Vigo

Tamén se poderán entregar en man nas librarías de cada un dos Centros.

8ª. En cada categoría estableceranse un primeiro premio e dous accésit:

Primeiro premio: Tarxeta de agasallo de El Corte Inglés, por un valor de 300€

Primeiro accésit: Tarxeta de agasallo de El Corte Inglés, por un valor de 200€

Segundo accésit: Tarxeta de agasallo de El Corte Inglés, por un valor de 100€

9ª. O fallo do concurso farase público o día 31 de maio de 2019 e a entrega de premios terá lugar no auditorio da Casa de Rosalía o día 7 de xuño en acto poético-musical ao que serán convidados os familiares, profesores e compañeiros dos premiados. O libro presentarse o 15 de xullo, nos xardíns da Casa, coincidindo co acto institucional da Fundación.

10ª. A Comisión Organizadora resérvase o dereito da publicación dos traballos presentados. Os premiados comprométese a entregar as obras nun soporte informático (CD), ou por medio do correo electrónico, á organización con vistas á súa futura publicación.

11ª. A participación neste Concurso significa a plena aceptación destas Bases e do fallo do xurado.

Para calquera información adicional recoméndase enviar un correo a fundacion@rosaliadecastro.gal